

2.2. Políticas activas de emprego

O OBXECTIVO DESTE CAPÍTULO É ANALIZAR AS DISTINTAS ACCIÓNS DAS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO DA XUNTA DE GALICIA, QUE SON ORDENADAS DE XEITO INTEGRADO POLO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA. O PRIMEIRO APARTADO CÉNTRASE NOS PROGRAMAS RELACIONADOS COA FORMACIÓN E COLOCACIÓN, E SE CENTRA NAS ÁREAS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL, INTERMEDIACIÓN LABORAL E ORIENTACIÓN PROFESIONAL. O SEGUNDO APARTADO, ESTUDIA AS DISTINTAS MEDIDAS DIRIXIDAS A PROMOVER O EMPREGO ESTABLE, FACENDO REFERENCIA AOS PROGRAMAS DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA E DA ESTABILIDADE LABORAL, ÁS MEDIDAS DE APOIO A EMPREENDEDORES, AUTOEMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL, AOS PROGRAMAS DE INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, E FINALMENTE, AOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN E PROGRAMAS MIXTOS DE FORMACIÓN E EMPREGO.

O número de beneficiarios das principais liñas de actuación e medidas desenvolvidas no exercicio 2004 foi, aproximadamente, de cento trinta e sete mil persoas, das que 99,8 miles de persoas beneficiáronse das medidas de formación ocupacional e orientación laboral, e 37,5 miles de persoas, das liñas de actuación correspondentes á promoción do emprego. Xunto a estas medidas, cómpre salientar a labor de intermediación levada a cabo polo Servizo Público de Emprego (SPE), que no último ano xestionou un total de 84.175 postos de traballo.

FORMACIÓN E COLOCACIÓN

No que atinxe aos programas relacionados coa formación e colocación desenvolvidos na comunidade galega, este primeiro apartado comeza coa análise das accións formativas de carácter ocupacional, que están dirixidas aos desempregados. Xunto a estas accións existen outras dúas grandes liñas de actuación dirixidas á mellora da empregabilidade: a de información, orientación e procura de emprego, e a de intermediación. Estas dúas funcións préstanse baixo a denominación “Servizo Galego de Colocación”.

• Formación profesional ocupacional

As medidas de formación profesional ocupacional son un dos elementos máis importantes á hora de lograr unha medra da competencia, empregabilidade e posibilidades de inserción laboral das persoas desempregadas. Nos 2.434 cursos programados para o ano 2004 (17 máis que no ano anterior), participaron un total de 40.033 alumnos (1.448 persoas máis que en 2003). A pesar do lixeiro incremento do número de cursos e alumnos, **cadro 2.2.1.**, o orzamento total destes programas de formación profesional descendeu un 2,9%, situándose nos 52,8 millóns de euros (1,6 millóns menos)

No que aos cursos FIP (agás compromisos de contratación) se refire, ao longo do ano 2004 programáronse un total de 1.350 cursos: 752 cursos programación provincial e 591 cursos de programación pluriprovincial. Aos cursos de programación provincial, aos que asistiron un total de 12.965 alumnos, dedicáronse un total de 25.178,2 miles de euros. Aos 598 cursos de programación pluriprovincial asistiron un total de 10.072 alumnos, sendo o seu presuposto de 16.189,1 miles de euros.

Formación ocupacional 2003-04: cursos, presupostos e alumnos

	2003			2004		
	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos
FIP (agás compromisos de contratación)	1.363	40.771,4	21.993	1.350	41.367,4	23.037
Compromisos de contratación FIP	91	2.131,2	1.377	58	1.553,8	886
Medios propios	250	7.044,5	3.616	255	6.193,1	4.298
Plan autonómico de formación de formadores	34	389,0	499	51	413,1	1.110
Outras accións formativas	679	4.021,2	11.100	720	3.265,2	10.702
Total	2.417	54.357,3	38.585	2.434	52.792,5	40.033

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Plan FIP 2004: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en €)
Administración e oficinas	176	2.640	6.171.848
Agricultura	27	405	789.666
Artesanía	23	345	1.036.100
Automoción	16	240	927.451
Comercio	61	915	1.531.763
Docencia e investigación	11	165	233.983
Servicios ás empresas	417	6.255	8.473.587
Edificación e obras públicas	85	1.275	3.932.668
Formación complementaria	2	30	3.944
Industria fabric.equipos electromecánicos	18	270	504.335
Industrias alimentarias	18	270	648.223
Industrias gráficas	3	45	125.898
Información e manifestacións artísticas	12	180	504.438
Industria pesada e construcións metálicas	22	330	1.048.246
Industrias químicas	5	75	63.357
Industrias textis	27	405	951.454
Industrias de madeira e cortiza	18	270	890.917
Montaxe e instalacións	22	330	1.117.858
Mantemento e reparación	9	135	533.953
Pesca e acuicultura	1	15	25.906
Produc.,transf.e distribuc.de enerxía e auga	8	120	220.008
Sanidade	92	1.380	2.664.178
Seguros e finanzas	78	1.170	1.807.050
Servicios a comunidade e persoais	94	1.410	2.678.919
Transportes e comunicacións	45	675	1.423.460
Turismo e hostalería	60	900	3.056.142
Total	1.350	20.250	41.365.352

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

CADRO 2.2.1. ▲

CADRO 2.2.2. ►

CADRO 2.2.3. ►

Cursos con compromiso de contratación 2003-04

	2003			2004		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	18	278	566.462	17	248	312.172
Lugo	6	90	225.119	11	189	312.207
Ourense	13	196	202.039	19	284	583.038
Pontevedra	54	813	1.137.562	11	165	346.347
Total	91	1.377	2.131.182	58	886	1.553.764

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Cursos con compromiso de contratación 2004: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)
Agricultura	1	15	11.224,0
Administración e oficinas	1	20	3.902,0
Comercio	15	225	196.962,0
Servicios ás empresas	4	65	288.154,0
Industrias textis	6	90	160.107,0
Industrias alimentarias	3	55	80.362,0
Industrias de madeira e cortiza	3	45	105.350,0
Industrias de fabr.equios electromecánicos	1	15	73.077,0
Industria pesada e construcións metálicas	6	75	242.315,0
Sanidade	10	156	157.262,0
Servicios á comunidade e persoais	4	65	74.312,0
Turismo e hostelería	1	15	32.256,0
Información e manifestacións artísticas	3	45	128.481,0
Total	58	886	1.553.764,0

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Empleo e Relacións Laborais.

◀ CADRO 2.2.4.

Programación con medios propios ⁽¹⁾ 2003-04

	2003			2004		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	108	1.587	3.357.021	99	1.485	2.717.468
Lugo	57	836	1.668.703	59	885	1.566.218
Ourense	65	897	1.613.750	50	750	1.068.234
Pontevedra	20	296	405.032	47	1.275	840.930
Total	250	3.616	7.044.506	255	4.395	6.192.850

(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia
Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Empleo e Relacións Laborais.

◀ CADRO 2.2.5.

Respecto á distribución sectorial destes cursos, o **cadro 2.2.2.** amosa o predominio das actividades do sectores servizos a empresas e de “administración e oficinas”. En conxunto, estas dúas actividades abranguen o 43,9% dos cursos e alumnos, e máis dun tercio do orzamento total.

No que atinxe aos cursos con compromiso de contratación, no exercicio do ano 2004, un total de 886 alumnos asistiron aos 58 cursos de formación, sendo o orzamento dedicado a estes cursos de 1.553,8 miles de euros. O **cadro 2.2.4.** reflicte que os subsectores de comercio e da sanidade son os que rexistran o maior número de cursos e alumnos (entre ambos os dous acollen en torno ao 43% dos cursos e alumnos), mentres que os de servizos a empresas e o da industria pesada e construcións metálicas son os que teñen un maior presuposto (o 34,1% do orzamento total en 2004).

Con cargo ao presuposto do Plan FIP, impartíronse un total de 255 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 6.193,1 miles de euros. Atendendo á distribución sectorial da programación dos cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia, o **cadro 2.2.6.** reflicte que é o subsector de “docencia e investigación” e o de servizos ás empresas son os que acollen o maior número de cursos e alumnos (entre ambos os dous acollen o 28,6% dos cursos e o 36,3% dos alumnos). En termos de presuposto, as actividades máis importantes son as de edificación e obras públicas, servizos ás empresas e industria pesada e construcións metálicas, que abranguen o 32,7% do orzamento.

Programación con medios propios 2004: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Presuposto (en €)
Agricultura	16	240	402.148
Administración e oficinas	2	30	41.277
Artesanía	2	30	75.240
Automoción	9	135	478.691
Comercio	5	75	100.460
Docencia e investigación	38	930	175.237
Servicios ás empresas	35	665	624.796
Edificación e obras públicas	28	420	798.407
Industrias alimentarias	4	60	52.641
Industria de fabric. equipos electromecánicos	14	210	490.795
Industria pesada e construcións metálicas	18	270	602.046
Industrias téxtis	7	105	154.070
Industrias da madeira e cortiza	12	180	489.567
Minería e primeiras transformacións	1	15	10.330
Montaxe e instalacións	12	250	315.298
Mantemento e reparación	13	195	420.151
Produc.,transf.e distribuc.de enerxía e auga	1	15	28.114
Sanidade	7	105	156.326
Seguros e fianzas	1	15	32.136
Servicios á comunidade e persoais	13	195	259.066
Transportes e comunicacións	6	90	57.066
Turismo e hostalería	11	165	428.988
Total	255	4.395	6.192.850

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

CADRO 2.2.6. ►

Ao longo do exercicio de 2004, no ámbito do Plan autonómico de formación de formadores, programáronse 44 cursos de formador ocupacional, na modalidade presencial, e sete cursos monográficos. A estes 51 cursos de formación asistiron un total de 1.110 alumnos, ascendendo o orzamento total a 413,1 miles de euros.

O devandito **cadro 2.2.1.** indica que en 2004 un total de 10.702 alumnos asistiron aos 720 cursos formativos cofinanciados polo Fondo Social Europeo. Destes cursos, 527 accións formativas foron dirixidas a traballadores ocupados, nas que participaron un total de 7.893 alumnos, e 193 cursos dirixíronse a traballadores desempregados, nos que participaron un total de 2.807 alumnos. O presuposto das accións formativas cofinanciadas polo FSE en 2004 ascendeu a 3.265,2 miles de euros, dos que o 62,0% correspondeu ás accións dirixidas aos ocupados e o 38,0% restante, ás accións formativas dirixidas aos desempregados.

• Servizo Galego de Colocación (SGC)

Ao longo do ano 2004 ofertóuselle unha acción de orientación laboral a 59.795 demandantes de emprego (7.211 accións menos que no ano anterior), que ben nas oficinas de emprego, ben a través de centros asociados, foron axudados no seu proceso de procura de emprego. Asemade, cómpre salientar que no último exercicio, nos 22 programas experimentais en materia de emprego postos en marcha participaron un total de 1.805 persoas.

No que a labor de intermediación se refire, o número de postos de traballo xestionados polo SPE en 2004 foi de 84.175, dos que 49.713 corresponden á xestión das oficinas de emprego e 34.462 aos centros asociados ao SGC.

No último ano produciuse unha medra da Rede EURES. O número de con-

Beneficiarios dos programas de promoción do emprego 2004				
	nº empresas	nº traballadores		Total
		Homes	Mulleres	
Fomento do emprego e da estabilidade laboral	2.590	2.643	2.554	5.197
Fomento da contratación indefinida de colectivos desfavorecidos	2.402	1.254	1.769	3.023
Fomento da contratación en prácticas e temporal de beneficiarios labora	2.118	1.516	1.386	2.902
Incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar	643	18	752	770
Contratación de colectivos en risco de exclusión social	170	152	79	231
Total	7.923	5.583	6.540	12.123

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

◀ CADRO 2.2.7.

tactos cos demandantes de emprego foi de 11.454 e o total de demandas de emprego tramitadas, de 767.

• Instituto Galego das Cualificacións

A través do Decreto 93/199, de 8 de abril, créase o Instituto Galego das Cualificacións (IGC) como instrumento de carácter técnico encargado de garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional das Cualificacións en Galicia. O IGC inclúe no seu organigrama dous órganos que se consideran complementarios: o Observatorio Ocupacional e o Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións.

En 2004, as actividades levadas a cabo polo IGC xiran ao redor das distintas áreas de actuación: cualificacións profesionais; área de formación profesional; área de certificados de profesionalidade; área de profesións e actividades reguladas; área de acreditación da competencia profesional; área de Observatorio ocupacional e actividades formativas, informativas e publicacións.

PROMOCIÓN DE EMPREGO

Os distintos programas de incentivos dirixidos á mellora da empregabilidade dos traballadores pódense agrupar en catro grandes grupos: os programas de incentivos á contratación por conta allea e da estabilidade laboral, as medidas de apoio a emprendedores, autoemprego e economía social, os programas de integración laboral das persoas con discapacidade, e finalmente, os programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego.

• Actuacións para o fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral

Favorece-la creación de emprego estable e de calidade e promover a inserción laboral dos desempregados con maiores dificultades para incorporarse ao mercado de traballo son as finalidades principais dos programas de fomento da contratación por conta allea e da estabilidade.

No último exercicio, o número total de traballadores beneficiarios das distintas actuacións de fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral foi de 12.123 persoas, das que o 53,9% (6.540 persoas) son mulleres. O número de empresas beneficiadas destes programas ascendeu 7.923.

Dos distintos procedementos recollidos no **cadro 2.2.7.**, ao longo de 2004

Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais e iniciativas de emprego locais, rurais e de base tecnolóxica 2004

	nº expedientes	nº traballadores		
		Homes	Mulleres	Total
Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais	1.361	763	443	1.206
Axudas a cooperativas e sociedades laborais	406	398	234	632
Adquisición da condición de socio traballador	270	120	150	270
Aboamento de cotas á Seguridade Social	685	245	59	304
Iniciativas de emprego: locais, rurais e de base tecnolóxica	115	162	152	314
Iniciativas locais de emprego (ILE)	80	118	125	243
Iniciativas de emprego rural (IER)	16	7	9	16
Iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT'S)	19	37	18	55

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

CADRO 2.2.8. ▲

o número de empresas e traballadores que se beneficiaron das axudas do programa de fomento de emprego e da estabilidade laboral foi de 2.590 e 5.197, respectivamente. Séguenlle en importancia os beneficiarios polos programas de fomento da contratación indefinida de colectivos desfavorecidos, con 2.402 empresas beneficiarias e 3.023 traballadores beneficiarios.

• **Apoio a emprendedores, autoemprego e economía social**

As devanditas medidas activas de emprego de fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral complétanse coas relativas aos programas dirixidos aos emprendedores. Ao longo do ano 2004 beneficiáronse destas axudas un total de 7.285 traballadores, dos que 3.873 son homes e 3.412 mulleres.

O programa máis importante canto ao número total de traballadores beneficiados se refire, é o do apoio ao emprego autónomo. En 2004, un total de 5.765 persoas (2.948 homes e 2.817 mulleres) percibiron axudas do programa de promoción do emprego autónomo: renda para o inicio da actividade, subvención financeira.

A través do programa de promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais, un total de 406 cooperativas e sociedades laborais galegas e 632 traballadores beneficiáronse das axudas a estas empresas. Asemade, 270 persoas recibiron axudas para adquirir a condición de socio neste tipo de sociedades e 304 traballadores beneficiáronse das axudas de aboamento de cotas á Seguridade Social.

Finalmente, os programas relativos ás iniciativas de emprego beneficiaron a 314 traballadores, dos que máis de tres cuartas partes beneficiáronse das axudas locais de emprego. O 18% do emprego creouse ao abeiro das iniciativas de emprego de base tecnolóxica, e o 5% restante, ao abeiro dos programas de iniciativas de emprego rural.

• **Integración laboral das persoas con discapacidade**

A finalidade destes programas de promoción de emprego é a de promover a integración destas persoas mediante o financiamento de proxectos empresariais que faciliten a creación do seu propio posto de traballo a traballadores minsválidos desempregados que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia. Ao longo do exercicio de 2004 beneficiáronse destas axudas un total de 1.781 persoas (as dúas terceiras partes son homes): 93 pola cre-

Integración laboral das persoas con discapacidade 2004

	nº empresas	nº traballadores		
		Homes	Mulleres	Total
Creación de centros especiais de emprego	25	56	37	93
Mantemento de centros especiais de emprego	87	765	484	1.249
Traballadores autónomos	78	50	28	78
Contratación indefinida de discapacitados	317	259	102	361
Total	507	1.130	651	1.781

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

◀ CADRO 2.2.9.

▼ CADRO 2.2.10.

Programas de cooperación con entidades locais e con outras administracións 2003-04

	2003		2004	
	Entidades	Traballadores	Entidades	Traballadores
Programas de cooperación con entidades locais	637	6.524	633	5.790
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	336	6.002	342	5.316
Axudas para a contratación de Técnicos Locais de emprego	238	259	240	274
Axudas para a contratación de servizos públicos con determinadas empresas creadas nos últimos 3 anos	63	263	51	200
Programas de Cooperación con outras administracións (1)	266	1.084	401	1.257
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	210	935	335	1.077
Axudas para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio	56	149	66	180

(1) distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

ación de postos de traballo en centros especiais de emprego, 1.249 polo mantemento destes en centros especiais de emprego, 78 pola creación do seu propio negocio como autónomo, e 36 pola contratación indefinida na empresa ordinaria.

- **Programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego**

A análise destes programas fai referencia a cinco grandes programas: o de cooperación con entidades locais; os programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro; as escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento; o referente ao Programa Labora: Xuventude con experiencia; e finalmente, o programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas da violencia doméstica, posto en marcha en 2003.

En relación aos **programas de cooperación con entidades locais**, o **cadro 2.2.10.** indica que en 2004 investíronse nestas axudas uns 43 millóns de euros, beneficiándose das mesmas 5.790 traballadores e 633 entidades. No derradeiro ano, concedeuse algún programa de cooperación á totalidade dos concellos galegos.

No eido destes programas de cooperación, beneficiáronse da “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral ou social” un total de 342 entidades, participando 5.316 traballadores desempregados, un 11,4% menos que no exercicio anterior. Case o 56% dos contratos celebráronse por doce meses, situándose a duración media dos mesmos en torno aos nove meses e medio.

Escolas-obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento 2004

	número	alumnos
Escolas obradoiro e obradoiros de emprego		
En funcionamento a 01-01-04	44	1.823
Rematadas a 31-12-04	42	1.712
Iniciadas en 2004	51	2.049
En vigor a 31-12-04	53	2.160
Escolas obradoiro e obradoiros de emprego do Camiño de Santiago		
En funcionamento a 01-01-04	5	190
Rematadas a 31-12-04	5	190
Iniciadas en 2004	6	180
En vigor a 31-12-04	6	180
Unidades de promoción e desenvolvemento		
En funcionamento a 01-01-04	4	30
Rematadas a 31-12-04	4	30
Iniciadas en 2004	4	36
En vigor a 31-12-04	4	36

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

CADRO 2.2.11. ►

CADRO 2.2.12. ►

Especialidades máis impartidas nas escolas obradoiro, obradoiros de emprego 2004

Familia profesional	Escolas obradoiro	Obradoiros de emprego
		(%)
Edificación e obras públicas	53,7	52,6
Industria da madeira	16,2	13,8
Artesanía	2,2	2,0
Montaxe e instalación	1,6	0,6
Medio Ambiente	1,5	8,9
Agraria	16,7	17,6
Industria pesada e constr.metálicas	3,6	0,5
Sanidade	-	0,6
Servicios á comunidade e persoas	-	2,3
Mantemento e reparación	-	-
Servicios a empresas	-	0,7
Información e manifestacións artísticas	-	0,4
Producción, transformación e distribución	-	-
Industrias manufactureiras diversas	2,2	-
Turismo e hostalería	2,3	-

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

No caso das contratacións de técnicos locais de emprego, o número de técnicos ascendeu a 274 (15 máis que en 2003), con 240 entidades locais beneficiarias, e un investimento de máis de 3 millóns de euros.

As contratacións polas entidades locais de servizos públicos se refiren a contratacións con empresas constituídas, preferentemente por xoves, desempregados de longa duración ou por mulleres, a través da subvención ás entidades locais que contraten a prestación de servizos públicos con elas. En 2004, o número de traballadores que se beneficiou destes programas acadou os 200, e o número de empresas beneficiarias ascendeu ata as 60 (un 44% das mesmas son iniciativas locais de emprego e un 38% autónomos).

En 2004, púxose en marcha un novo programa de fomento do desenvolvemento local, que pretende implicar no proceso da promoción do emprego tanto ás institucións públicas e aos axentes socioeconómicos como á poboación en xeral. As axudas concedidas neste ámbito ascenderon a máis de 621 mil euros e

beneficiaron a 51 concellos, ademais de tres entidades locais de ámbito supra-municipal.

No que atinxe aos **programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro**, ao longo do ano 2004 o número de entidades beneficiadas ascendeu a 401 (135 máis que no ano anterior) participando un total de 1.257 traballadores (173 máis que no ano anterior). A duración media dos contratos foi de 11,8 meses cando no ano anterior situábase en torno aos 11,7 meses.

No concernente ás **escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento**, ao longo do exercicio de 2004, beneficiáronse das accións formativas das 20 escolas obradoiro en funcionamento un total de 917 persoas, das que o 70% foron homes.

No último ano puxéronse en marcha nove novas escolas obradoiro, nas que participaron un total de 408 persoas. A 31 de decembro estaban en funcionamento doce proxectos, que dan cabida a 539 participantes menores de 25 anos. O **cadro 2.2.12.** recolle as especialidades máis frecuentemente impartidas, onde salienta a de edificación e obras públicas (53,7%), a agraria (16,7%) e as industrias da madeira (16,2%).

Os 75 obradoiros de emprego en funcionamento en 2004, que buscan mellora-las posibilidades de ocupación dos desempregados de 25 ou máis anos, e especialmente daqueles que teñan especiais dificultades para inserirse no mercado laboral (parados de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres e persoas con discapacidade), acolleron un total de 2.955 traballadores desempregados.

Ao longo do ano 2004 puxéronse en marcha 42 novos proxectos de obradoiros de emprego, nos que participan un total de 1.641 desempregados maiores de 25 anos. A 31 de decembro dese ano, continuaban en funcionamento 41 proxectos. Entre as especialidades impartidas, **cadro 2.2.12.**, as máis frecuentes son as de edificación e obras públicas (52,6%), as agrarias (17,6%) e as de industrias da madeira (13,8%).

No concernente ás unidades de promoción e desenvolvemento, en 2004 iniciaron as súas actividades catro novas unidades, cun total de 36 traballadores (directores, técnicos e persoal de apoio).

Asemade, a 31 de decembro de 2004 estaban en vigor unha escola obradoiro e cinco obradoiros de emprego dos Camiños de Santiago, cun total de 40 e 140 participantes, respectivamente. Dos once proxectos en funcionamento ao longo do último ano, oito corresponde a obradoiros de emprego, que acollen a 230 alumnos (60% mulleres) e tres a escolas obradoiro, con 140 participantes (325 mulleres).

As políticas activas de emprego para que a xente moza con dificultade de inserción laboral, por falta de experiencia previa, poida adquirila mediante unha prestación laboral efectiva, desenvólvense a través do **Programa Labora: Xuventude con Experiencia**. A súa execución realizouse en 2004 a través das modalidades contractuais recollidas no **cadro 2.2.13.**

O número de beneficiarios contratados ascendeu a 6.873 persoas, acadando o presuposto destinado á contratación de beneficiarios do Plan de 49,4 millóns de euros. Xunto a maior presenza do emprego feminino (63% mulleres e

Execución do "Programa Labora: Xuventude con experiencia"⁽¹⁾ 2004

	Traballadores	Orzamento
		(en miles de €)
Programas de cooperación con entidade locais	2.535	25.359,2
Programas de cooperación con outras admóns ou entidades	991	11.227,3
Escolas obradoiro e obradoiros de emprego	676	5.278,2
Incentivos á contratación indefinida	1.509	4.753,4
Incentivos á contratación en prácticas	1.162	2.780,4
Total	6.873	49.398,4

(1) Este Programa naceu en 2002, coa entrada en vigor do Decreto 148/2002, do 18 de abril
 Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

CADRO 2.2.13. ►

37% homes) cómpre salientar que as contratacións realizadas a persoas entre 25 e 30 anos é lixeiramente superior ás correspondentes aos beneficiarios menores de 25 anos (56% e 44%, respectivamente). Os programas de cooperación con entidades locais acollen o 37% dos beneficiarios e o 51,3% do presuposto destinado no último ano.

Finalmente, ao **programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas da violencia doméstica**, iniciado en 2003, incorporáronse 29 mulleres vítimas de violencia doméstica. Con respecto aos resultados do exercicio anterior, cómpre salientar a medra do 61% no número de incorporacións efectuadas. Destas 29 mulleres, a 22 concedéuselle un contrato temporal de inserción de 12 meses de duración: 15 asinaron un contrato de inserción con distintas entidades sen ánimo de lucro, e outras dúas accederon ao programa a través de incentivos a súa contratación por conta allea e 5 a través de obradoiros de emprego. ■